



Beatriz Valcárcel entrega a paloma do belén a súa tía Pilar (esquerda), intervención de Jesús Domínguez Guizán

**ENTRE O DIVINO E O HUMANO** ▶ O belén electrónico de Begonte clausurou a súa cuadraxésimo terceira edición coa entrega dos premios dos certames de poesía, xornalismo, debuxo infantil e arte, nun acto amenizado por alumnos da escola de música local.

# Unha casa na que poden entrar todos

POR: **CRISTINA PÉREZ**

**O BELÉN DE BEGONTE** é, segundo o párroco Jesús Domínguez Guizán, «unha casa na que poden entrar todos», onde cada un «pode facer a lectura que queira» dun nacemento que celebrou o seu cuadraxésimo terceiro aniversario estreando a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia.

«Abarcamos o divino e o humano», aseguraba o tamén presidente do centro cultural José Domínguez Guizán, quen enumeraba as múltiples lecturas que se poden facer do belén, tanto relixiosas como culturais, etnográficas ou sociais, ao tempo que facía un alegato a prol da paz «que non se consegue con normas ou leis, senón

cambiando os corazóns».

As súas aplaudidas palabras deron paso á entrega de premios dos tradicionais concursos que complementan ao belén.

Os escritores Xosé Otero Canto e Carlos López Fernández recolleron unha vez máis os premios de poesía, xa que ambos son vellos coñecidos do certame, e recitaron





Xoema Eiras, ao piano.

un anaco das súas composicións. Tamén o gañador do certame de xornalismo, Pepe Pol, é un repetidor. De feito, confesou que o escrito que o fixo merecedor do premio estaba inspirado nas vivenzas do ano pasado en Begonte, aínda que se houbo un premio vencellado ao belén e cunha carga emotiva especial foi o de Beatriz Valcárcel Gómez, sobriña do fundador e deseñador das figuras do belén, José Rodríguez Varela.

«Mi relato recoge como surgió este belén, lo que mi tío hacía y lo que el amaba el belén y el pueblo», explicaba Beatriz, lembrando os múltiples recordos que tiña asociados ao nacemento begontino para logo regalarlle a figura de Sargadelos que acredita o premio a súa tía Pilar, a viúva de Joselín.

O reparto de premios completouse cos galardóns do certame de arte, no que se proclamaba gañador Fernando Villalba Navarrete, e cos recoñecementos aos 16 nenos e nenas de oito a 13 anos que

foron distinguidos no certame de debuxo infantil do belén.

O secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Valentín García, que destacou a «ilusión» dos que participan nos certames e a «vida cultural que hai en Begonte», lembrando que a cultura é «a base das sociedades, sen cultura, non hai nada»; e o alcalde de Begonte, José Ulla, comprometido a traballar desde o Concello para manter «o que nos coloca no mapa», porque «os begontinos nos sentimos profundamente orgullosos do belén»; foron os encargados de clausurar un acto que estivo amenizado por varios alumnos da Asociación Música Crisanto-Escolas municipais de Rábade e Begonte.

Os gaiteros Daniel Rábade e Xoema Arias abriron e pecharon a celebración tocando a muiñeira de San Roque e o pasodobre 'Corrido', mentres Xoema Eiras interpretaba 'O son do ar' co violonchelo e a peza 'Nuvole Bianche' ao piano.